



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



**CMUS**  
PROFESIONAL  
DA CORUÑA

**Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa**  
**REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA**

**Modelo MD75PRO01**

**Programación de Saxofón**

**Curso 2018-2019**



## Índice

---

|           |  |           |
|-----------|--|-----------|
| <b>1.</b> | <b>Introdución.....</b>  | <b>3</b>  |
| <b>2.</b> | <b>Metodoloxía .....</b>   | <b>4</b>  |
| <b>3.</b> | <b>Atención á diversidade .....</b>  | <b>5</b>  |
| <b>4.</b> | <b>Temas transversais .....</b>  | <b>6</b>  |
|           | 4.1 Educación en valores. ....   | 6         |
|           | 4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's).....   | 7         |
| <b>5.</b> | <b>Actividades culturais e de promoción das ensinanzas .....</b>               | <b>7</b>  |
| <b>6.</b> | <b>Secuenciación do curso .....</b>  | <b>9</b>  |
|           | 6.1 Curso: 1º G.E.....   | 9         |
|           | 6.2 Curso: 2º G.E.....   | 16        |
|           | 6.3 Curso: 3º G.E.....   | 22        |
|           | 6.4 Curso: 4º G.E.....   | 28        |
|           | 6.5 Curso: 1º G.P.....   | 35        |
|           | 6.6 Curso: 2º G.P.....   | 43        |
|           | 6.7 Curso: 4º G.E.....   | 51        |
|           | 6.8 Curso: 4º G.P.....   | 60        |
|           | 6.9 Curso: 5º G.P.....   | 69        |
|           | 6.10 Curso: 6º G.P.....  | 78        |
| <b>7.</b> | <b>Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....</b> | <b>87</b> |
| <b>8.</b> | <b>Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....</b>   | <b>87</b> |
| <b>9.</b> | <b>ANEXOS .....</b>  | <b>89</b> |
|           | 9.1 Probas de acceso 1º de grao profesional .....                              | 89        |
|           | 9.2 Probas de acceso a outros cursos .....                                     | 90        |
|           | 9.3 Criterios para a obtención dos premios fin de grao .....                   | 97        |



## 1. **Introdución**

---

A lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen coma finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

Grao elemental:

No artigo 48 preceptúa que as ensinanzas elementais de música terán as características e a organización que as administracións educativas determinen. Ditas características veñen dictadas no posterior decreto de 27 de Setembro de 2007.

A finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

Grao Profesional:

A lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Asemade, a citada lei orgánica no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas.



A presente programación dá concreción a dito decreto a nivel de ala, e será o documento polo que se desenvovan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste departamento no Conservatorio Profesional de Música de A Coruña

A finalidade do grao elemental é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquiera a calidade necesaria que permita acceder ao grao profesional.

O grao profesional ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais, e ordénase en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

## 2. Metodoloxía

---

A clase semanal cun só alumno permite facer un seguimento individualizado do alumnado tanto en rendemento como na progresión no seu estudo. Dito seguimento permitirá a adecuación e persoalización dos procedementos e actividades a desenvolver en función das necesidades, progreso e capacidades do alumno.

Tendo en conta que a clase consta dunha hora semanal, tempo que queda escaso especialmente nos alumnos dos cursos máis avanzados, a optimización das sesións deberá ser unha prioridade. Polo tanto, parte do tempo de clase dedicárase a fomentar hábitos e ferramentas que potencien a autonomía no estudo individual tanto en aspectos técnicos como nos musicais.

Doutro lado, a puntualidade é un aspecto importante na dita optimización do tempo, polo que tratarase de formar una conciencia da importancia da mesma de da necesidade de previsión xa que a montaxe, desmontaxe e transporte do instrumento require dun certo tempo.

Fomentar o interese e respecto polo seu tempo persoal de estudo, concienciar da importancia da realización das tarefas encomendadas para casa e establecer uns métodos e hábitos de estudo eficientes serán obxectivos prioritarios a desenvolver no



alumno. A potenciación do sentido autocrítico tanto na interpretación como na actitude diante a materia fundamentará a consecución de ditos obxectivos.

A vocación do alumnado é outro factor que non se debe esquecer á hora de adoptar as medidas máis eficientes a aplicar en cada alumno. Diversos factores (idade, falta de información nas familias, etc.) poden facer que a continuidade a medio-largo prazo nos estudos musicais non estea totalmente definida. Procurarase en todo momento motivar ao alumnado de cara a un maior rendemento e a reforzar dita vocación.

O contacto coas familias dos alumnos será de vital importancia para orientar o seu papel no desenvolvemento da formación musical do alumno. Fomentarase un contacto fluído así como a valoración por parte das familias da necesidade de solicitar regularmente titorías.

### **3. Atención á diversidade**

---

O alumnado do Conservatorio habitualmente está dentro dun nivel sociocultural e económico medio-alto, cunha gran capacidade de traballo pois ten que compaginar os estudos de música cos de ensinanza xerais. As motivacións para estudar no Conservatorio son distintas e poden variar conforme se suceden os cursos. Os motivos polos que inician os estudos musicais poden ser: por iniciativa dos pais, por vocación, como actividade de entretemento, por inercia dun grupo de amigos, etc. Entón, teremos un alumnado diferente en canto a motivacións, aptitudes e ritmos de traballo polo que será de vital importancia a atención á diversidade do alumnado para adaptarse ás súas necesidades e realizar unha acción educativa eficaz.

A vía para o tratamento da diversidade é a Adaptación Curricular, conxunto de accións dirixidas a adecuar o currículo ás necesidades dun alumno ou grupo determinado. Dependendo das circunstancias que se presentan na aula, o profesor poderá plantexar as seguintes estratexias:

- 1) Adaptacións do material didáctico, que ofrezan unha ampla gama de actividades didácticas que respondan os diferentes graos de aprendizaxe.
- 2) Variacións da metodoloxía, para adaptala ás necesidades de cada a uno.



3) Propoñer actividades de traballo diferenciadas. O profesor fará unha análise dos contados da materia e preparará actividades con distinto nivel de dificultade que permitan tratar estes mesmos contados con existencias distintas.

4) Organizar o trabalo de forma flexible e con ritmos distintos de aprendizaxe.

5) Acelerar o frear o ritmo de introducción de novos contidos adaptándose ao alumno individualmente.

6) A adaptación dos obxetivos e por tanto dos contidos terá que respetar os mínimos esixibles fixados na programación.

## 4. Temas transversais

---

### 4.1 Educación en valores.

A educación no ámbito musical non debe acabar no simple feito do desenvolvemento de destrezas técnicas e un desenrolo da sensibilidade musical. Para unha formación integral do alumnado tamén é importante o tratamento de contidos transversais. Estes contidos que responden á realidade da vida cotiá no ámbito social son esencialmente de carácter actitudinal e representan uns elementos educativos básicos que deben incorporarse nas diferentes áreas co fin de conseguir unha plena integración do alumnado na sociedade actual. O tratamento destes contidos debe espertar no alumnado una especial sensibilidade cara a dita realidade. O carácter participativo e colaborador da práctica musical, facilita a incorporación destes temas ao aula especialmente na práctica de conxunto. Temas como a igualdade de oportunidades entre sexos, o derrube das barreiras raciais, a educación para a saúde, compromiso co medio ambiente ou educación para a paz poderán ser incorporados tanto na clase individual como na de conxunto.



## 4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

A irrupción das tecnoloxías da información e da comunicación na nosa vida cotiá é cada día mais patente, a súa utilización esténdese ata ámbitos insospeitados. O estudo da música nos conservatorios cínquese, na maioría dos casos, á práctica interpretativa empregando instrumentos tradicionais. Incluso nestas circunstancias que a priori poden parecer pouco dadas ao uso das TIC's pódense empregar co fin de complementar e facilitar o proceso de ensinanza-aprendizaxe. O uso de materiais audiovisuais relacionados ca materia xa non é unha novidade nos tempos que corren, especialmente dende a aparición de plataformas dixitais como YouTube, Vimeo, Spotify, etc. Estas plataformas unidas á compartición masiva de material audiovisual facilita o seu uso no aula para a exemplificación das posibilidades sonoras e técnicas dos instrumentos e a exploración de diferentes posibilidades interpretativas ante un mesmo texto musical. Por outro lado a facilidade de xerar dito material con ferramentas cada vez máis accesibles (videocámaras, grabadoras, tablets, teléfonos, etc) permite analizar no aula as propias actuacións ou interpretacións e así aportar un maior grado de obxectividade á percepción de si mesmo que ten o alumno. O material en formato electrónico (partituras, textos, etc.) tamén será útil no desenvolvemento das diferentes actividades da materia xa que facilita a rápida distribución do mesmo entre o alumnado así como o seu rápido acceso no aula no caso de dispoñer dos dispositivos correspondentes. As plataformas de almacenamento como Dropbox o GoogleDrive permiten a creación de espazos de compartición de material electrónico para os alumnos que poden ser controlados polo profesor. Os motores de busca tamén serán de gran utilidade especialmente á hora de recompilar información referente ao propio instrumento, obras, compositores, etc. O uso de todos os materiais relacionados coas TIC's empregados no aula debe respectar en todo momento as leis distribución e da propiedade intelectual dos mesmos.

## 5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Os alumnos participarán nas audicións da especialidade, al menos unha por trimestre, e no caso de que o profesor o considere oportuno terán a posibilidade de participar



nas que organice o departamento. Para a participación nas mesmas o alumno deberá realizar polo menos un mínimo de 3 ensaios co pianista acompañante tendo que acordalos previamente segundo o procedemento para tal efecto establecido no centro. Poderanse organizar desde o departamento ou o aula da especialidade un ou varios cursos / master-class ao longo do curso. A asistencia aos ditos cursos será sempre voluntaria aínda que dado o contido dos mesmos é recomendable.





## 6. Secuenciación do curso

---

### 6.1 Curso: 1º G.E.

#### 6.1.1 Obxectivos

- O ensino do saxofón no primeiro curso de grao elemental terá como obxectivo principal o desenvolvemento das capacidades seguintes:
- Coñecemento histórico dos feitos máis directamente relacionados co saxofón; inventos, pedagogos, intérpretes, etc.
- Adoptar unha posición corporal que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ámbalas dúas mans.
- Controla-la columna de aire (respiración diafragmática).
- Controlar e fortalece-los músculos que forman a embocadura (máscara facial), de xeito que possibiliten unha correcta emisión, altura xusta do son (afinación), articulacións, flexibilidade do son, etc.
- Coñecemento das dicitacións elementais (doigté).
- Desenvolvemento da psicomotricidade no dominio de elementos que interveñen na interpretación musical.
- Denvolve-la capacidade auditiva e rítmica.
- Coñece-las posibilidades e características do instrumento e saber utilizalas (dentro das esixencias do nivel) tanto na interpretación individual como de conxunto.
- Nocións mínimas sobre afinación e calidade do son.
- Dominio das distintas articulacións e matices.
- Identificación auditiva de diferentes sons.



- Lograr unha seguridade técnica (dentro das esixencias do nivel) como base da seguridade interpretativa.
- Interpretar un repertorio básico integrado por obras de difentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde con este nivel.
- Fomenta-la audición de recitais e concertos en directo.

### 6.1.2 Contidos

- Adolfo Sax: Perfil biográfico; como constructor de instrumentos musicais, como inventor do saxofón; como profesor de saxofón, etc.
- Exercicios de respiración sen e con instrumento controlando a afinación, calidade de son e dosificación do aire.
- Estudio dos matices.
- Estudos dos intervalos.
- Estudos de articulacións.
- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade do son.
- Práctica de escalas maiores emenores cos seus correspondentes arpexios, maior e menor, ata unha alteración (q=92).
- Práctica da escala cromática, tomando como base diferentes sons (q=92).
- Práctica de conxunto con outros instrumentos para desenvolve-la afinación, o axuste e a precisión rítmica.
- Adquisición de hábitos de estudio correctos e eficaces.
- Estudos e obras do repertorio, útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumno.




As obras e estudos programados en cada curso son orientativos: polo que se poderían utilizar outros de análoga dificultade aos programados.

### 6.1.3 **Avaliación**

O profesor avaliará aos seus alumnos tendo en conta os obxectivos, os criterios de avaliación e os mínimos esixibles establecidos nesta programación para o seu curso. A avaliación será continua, cualitativa e integradora e o profesor valorará de forma constante o progreso dos alumnos ao longo de todo o curso, así como as probas realizadas, a súa asistencia e actitude. Dada a progresividade da materia, a atención personalizada do alumnado na mesma, e a aplicación da avaliación continua, a cualificación en cada trimestre representará a valoración do progreso realizado ata ese momento. Polo tanto, a cualificación obtida no terceiro trimestre será a cualificación final do curso.

### **Criterios de avaliación**

- Demostrar unha correcta e progresiva asimilación da técnica respiratoria e da embocadura. Este criterio é determinante para o posterior desenvolvemento instrumental do alumno.
- Adquirir unha posición corporal adecuada e unha embocadura correcta na práctica instrumental.
- Demostrar control e nivel de mellora sobre a calidade e nivel sonoro, timbre e afinación do instrumento acordes co curso.
- Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresivo individual (dedicación, esforzo, interese,...), así como aplicar o estudo das indicacións do profesor, e con elas, demostrar unha autonomía progresiva do traballo que lle permita valorar correctamente o seu rendemento.
- Memorizar textos musicais acordes co nivel no que se encontra. Este criterio pretende comprobar, a través da memoria, a correcta aplicación dos coñecementos teórico-prácticos da linguaxe musical.



- Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar o mesmo tempo que escoita e adapta ó resto do grupo. Este criterio presta atención a capacidade do alumno para adaptarse ó traballo de grupo.

## Mínimos esixibles

Montar e desmontar o instrumento correctamente, así como adoptar unhas medidas básicas de limpeza do instrumento.

Colocar correctamente as mans e mostrar unha correcta posición do corpo tanto de pe coma sentado.

Adquirir os fundamentos dunha boa técnica respiratoria, embocadura, emisión e columna de aire.

Tocar correctamente de memoria e co metrónomo as escalas diatónicas maiores e menores cos seus arpexios ata dúas alteracións. Tocaranse ligado e picado á velocidade de negra=80.

Estudar e interpretar correctamente en cada trimestre os seguintes contidos:

Primeiro trimestre:

- “El saxofón y yo” de A. Luis de la Rosa e J. Javier Librado Ed. Mundimúsica Unidades 1 ata a 8
- Unha peza breve a elixir consensuada co profesor

Segundo trimestre:

- “El saxofón y yo” de A. Luis de la Rosa e J. Javier Librado Ed. Mundimúsica. Unidades 9 ata a 17.
- Unha peza breve a elixir consensuada co profesor

Terceiro trimestre:

- “El saxofón y yo” de A. Luis de la Rosa e J. Javier Librado Ed. Mundimúsica Unidades 18 a 25.
- Unha peza breve a elixir consensuada co profesor



## Procedementos e ferramentas de avaliación

- Control individual da aprendizaxe mostrado nas clases semanais.
- Seguimento do rendemento, interacción e comportamento en grupo, nas diferentes actividades deseñadas ao efecto.
- Exposición pública do traballo realizado mediante a participación nas audicións publicas ao longo do curso.
- Valoración do progreso e traballo do alumno con respecto ao grao de consecución dos obxectivos do curso mediante a escoita na aula.

## Criteria de cualificación

Para o cálculo das cualificacións teranse en conta as seguintes porcentaxes:

|                    |               |                       |
|--------------------|---------------|-----------------------|
| Proba de aula: 30% | Audición: 30% | Traballo semanal: 40% |
|--------------------|---------------|-----------------------|

## Criteria para a concesión de ampliación de matrícula

Para solicitar a concesión de ampliación de matrícula nesta materia o alumno deberá demostrar capacidade de traballo para o aproveitamento da ampliación así como ter superados os obxectivos do curso e polo menos o 90% dos contidos do apartado mínimos esixibles na última clase antes da reunión da comisión que elevará dita solicitude ao consello escolar quen poderá conceder a dita ampliación.

### 6.1.4 Medidas de recuperación

Dado o carácter progresivo da materia, tendo en conta a atención individualizada na mesma e a aplicación da avaliación continua, a recuperación das avaliacións suspensas integrase dentro das actividades de reforzo dos aspectos que precisen mellora. Deste xeito, as avaliacións que non foran cualificadas positivamente consideranse aprobadas se o alumno obtivera cualificación positiva na seguinte avaliación.



Para os alumnos que teñan a materia pendente de cursos anteriores realizarase un plan de traballo específico que contemple os obxetivos e contidos que aínda precisen ser superados ou mellorados e que poderá constar de actividades de reforzo, modificación das probas do curso ou probas complementarias.

## Procedementos de recuperación ordinarios

Os alumnos que perderon o dereito á avaliación continua por faltas de asistencia sen xustificar segundo se recolle no RRI do centro, terán que facer nas últimas semanas do curso unha proba na que presentarán polo menos os contidos do apartado mínimos esixibles. A dita proba consistirá na interpretación diante do tribunal de dúas escalas, cinco estudos e dúas pezas a elección do tribunal.

A cualificación da proba obterase tendo en conta a seguinte ponderación:

- Aspectos técnicos 35%
- Aspectos expresivos 25%
- Preparación e dificultade 30%
- Memoria e lectura 1ª vista 10%

## Probas extraordinarias de setembro

Os alumnos que non obtiveron a cualificación positiva na avaliación de xuño terán unha proba extraordinaria de setembro perante o profesor de saxofón e presentarán polo menos os contidos do apartado mínimos esixibles.

A cualificación da proba obterase tendo en conta a seguinte ponderación:

- Aspectos técnicos 35%
- Aspectos expresivos 25%
- Preparación e dificultade 30%
- Memoria e lectura 1ª vista 10%



### 6.1.5 Recursos didácticos

|                         |  |
|-------------------------|--|
| El saxofón y yo         | A. Luis de la Rosa, J. Javier Librado. Ed. Mundimúsica |
| Méthode de Saxophone    | Delange/Bois Ed. H.Lemoine.                            |
| El saxofón ameno(vol 1) | J.M.Londeix Ed. H.Lemoine.                             |

Obras:

|           |                        |
|-----------|------------------------|
| Bagatelle | M.Perrin.              |
| Genevieve | A.Ameller United Music |

Ademáis dos métodos e obras aquí expostos,poderanse utilizar aqueles de parecida dificultade co profesor considere oportunos.



## 6.2 Curso: 2º G.E.

### 6.2.1 Obxetivos

- Afianzar os coñecementos adquiridos no curso anterior.
- Adoptar unha posición corporal que permita respirar con normalidade e que favorezca a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ámbalas dúas mans.
- Desenvolver o control sobre os matices f e p.
- Afianzar a práctica da respiración diafragmática
- Controlar e fortalecer os músculos que forman a embocadura.
- Desenvolver a memoria e as capacidades e rítmicas.
- Coñecer de forma básica o funcionamento das cañas.
- Introducirse no hábito de escoitar música de diferentes estilos do propio instrumento e diferentes formacións musicais.
- Tocar en público.

### 6.2.2. Contidos

- Mantemento e dominio progresivo da posición corporal e do instrumento.
- Exercicios de embocadura e emisión.
- Práctica dos matices básicos.





- Práctica das escalas do curso en diferentes articulacións dentro do rexistro coñecido.
- Estudos e exercicios de técnica.
- Adquisición de hábitos de estudo e de mantemento do material.
- Perfeccionamento da emisión do son sobre toda a extensión do saxofón e desenrolo da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade do son.
- Coñecemento dos mecanismos que interveñen na respiración diafragmática e fortalecemento da columna de aire: exercicios de respiración con e sen instrumento.
- Práctica da memoria e con metrónomo das escalas diatónicas maiores e menores con arpexios ata tres alteracións.
- Práctica da escala cromática, tomando como base diferentes sons e con distintos ritmos e articulacións.
- Participación en audicións.

### **6.2.3. Avaliación**

O profesor avaliará aos seus alumnos tendo en conta os obxectivos, os criterios de avaliación e os mínimos esixibles establecidos nesta programación para o seu curso. A avaliación será continua, cualitativa e integradora e o profesor valorará de forma constante o progreso dos alumnos ao longo de todo o curso, así como as probas realizadas, a súa asistencia e actitude. Dada a progresividade da materia, a atención personalizada do alumnado na mesma, e a aplicación da avaliación continua, a cualificación en cada trimestre representará a valoración do progreso realizado ata ese momento. Polo tanto, a cualificación obtida no terceiro trimestre será a cualificación final do curso.



## Criterios de avaliación

- Consolidar os coñecementos adquiridos no primeiro curso.
- Mostrar unha axeitada colocación corporal e das mans.
- Adquirir unha mínima calidade sonora en todos os rexistros
- Tocar nos matices e realizar correctamente crescendos e disminuendos.
- Utilizar a respiración diafragmática e controlar a columna de aire.
- Mostrar unha atitude de interese pola asignatura e o traballo en conxunto.
- Interpretar como solista en público e de memoria obras representativas do ser nivel.
- Preparar os estudos e as obras programadas para o curso respetando tempo,articulación,dinámicas e estilo acordes o curso.
- Demostrar capacidade de aprendizaxe e autonomía no estudio individual.

## Mínimos esixibles

- Adoptar unha posición corporal que permita respirar con comodidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ámbalas dúas mans.
- Mellorar a técnica respiratoria,a embocadura,a emisión e a columna de aire.
- Participar activamente nas actividades programadas así como cumprir cos ensaios mínimos co pianista acompañante.
- Estudar e interpretar correctamente en cada trimestre os seguintes obxetivos:



Primeiro trimestre:

- Escalas diatónicas maiores ata tres alteracións.
- “ 29 Estudios Progresivos” de H. Prati R. Musical. Unidades 1 ata 10
- “50 Estudios fáciles” de G. Lacour Vol. 1\* Unidades 1 ata 9
- Unha peza breve a elixir consensuada co profesor.

Segundo trimestre:

- Escalas diatónicas menores ata tres alteracións.
- “29 Estudios Progresivos” de H. Prati R. Musical. Unidades 11 ata 20
- “ 50 Estudios fáciles” de G. Lacour Vol. 1\* Unidades 10 ata 17
- Unha peza breve a elixir consensuada co profesor.

Tercer trimestre:

- Escala cromática en todo o rexistro do saxofón.
- “ 29 Estudios Progresivos” de H. Prati R. Musical. Unidades 21 ata 29
- “ 50 Estudios fáciles” de G. Lacour Vol.1\* Unidades 18 ata 25
- Unha peza breve a elixir consensuada co profesor.


## Procedementos e ferramentas de avaliación

- Control individual da aprendizaxe mostrado nas clases semanais.
- Seguimento do rendemento, interacción e comportamento en grupo, nas diferentes actividades deseñadas ao efecto.
- Exposición pública do traballo realizado mediante a participación nas audicións publicas ao longo do curso.
- Valoración do progreso e traballo do alumno con respecto ao grao de consecución dos obxectivos do curso mediante a escoita na aula.

## Criteria de cualificación

Para o cálculo das cualificacións teranse en conta as seguintes porcentaxes:

|                    |               |                       |
|--------------------|---------------|-----------------------|
| Proba de aula: 30% | Audición: 30% | Traballo semanal: 40% |
|--------------------|---------------|-----------------------|



## Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para solicitar a concesión de ampliación de matrícula nesta materia o alumno deberá demostrar capacidade de traballo para o aproveitamento da ampliación así como ter superados os obxectivos do curso e polo menos o 90% dos contidos do apartado mínimos esixibles na última clase antes da reunión da comisión que elevará dita solicitude ao consello escolar quen poderá conceder a dita ampliación.

### 6.2.4. Medidas de recuperación

Dado o carácter progresivo da materia,tendo en conta a atención individualizada na mesma e a aplicación da avaliación continua, a recuperación das avaliación suspensas integrase dentro das actividades de reforzo dos aspectos que precisen mellora. Deste xeito, as avaliacións que non foran cualificadas positivamente consideranse aprobadas se o alumno obtivera cualificación positiva na seguinte avaliación.

Para os alumnos que teñan a materia pendente de cursos anteriores realizarase un plan de traballo específico que contemple os obxetivos e contidos que aínda precisen ser superados ou mellorados e que poderá constar de actividades de reforzo,modificación das probas do curso ou probas complementarias.

### Procedementos de recuperación ordinarios.

Os alumnos que perderon o dereito á avaliación continua por faltas de asistencia sen xustificar segundo se recolle no RRI do centro, terán que facer nas últimas semanas do curso unha proba na que presentarán polo menos os contidos do apartado mínimos esixibles. A dita proba consistirá na interpretación diante do tribunal de dúas escalas, cinco estudos e dúas pezas a elección do tribunal.

A cualificación da proba obterase tendo en conta a seguinte ponderación:

- Aspectos técnicos 35%



- Aspectos expresivos 25%
- Preparación e dificultade 30%
- Memoria e lectura 1ª vista 10%

## Probas extraordinarias de setembro

Os alumnos que non obtiveron a cualificación positiva na avaliación de xuño terán unha proba extraordinaria de setembro perante o profesor de saxofón e presentarán polo menos os contidos do apartado mínimos esixibles.

A cualificación da proba obterase tendo en conta a seguinte ponderación:

- Aspectos técnicos 35%
- Aspectos expresivos 25%
- Preparación e dificultade 30%
- Memoria e lectura 1ª vista 10%

### 6.2.5. Recursos didácticos

“29 Estudios Progresivos” de H. Prati Billaudot

“50 Estudios fáciles” de G. Lacour.

“Piezas Clásicas Célebres” de Marcel Mule A. Leduc

“Chanson a bercer” de E. Bozza A. Leduc

Ademáis dos métodos e obras aquí expostos, poderanse utilizar aqueles de parecida dificultade co profesor considere oportunos.



## 6.3 Curso: 3º G.E.

### 6.3.1 Obxetivos

- Afianzar os coñecementos adquiridos no curso anterior.
- Consegur unha sonoridade estable e clara de de o si bemol ata o fa sostido.
- Afianzar a práctica da respiración diafragmática
- Controlar e fortalecer os músculos que forman a embocadura.
- Desenvolver a memoria e as capacidades e rítmicas.
- Coñecer de forma básica o funcionamento das cañas.
- Introducirse no hábito de escoitar música de diferentes estilos do propio instrumento e diferentes formacións musicais.
- Tocar en público.
- Desenvolver a capacidade de auto corrección no estudio individual.
- Realizar os coñecementos adquiridos de lectura e escritura musical coa práctica do instrumento na resolución de dificultades.
- Interpretar un repertorio básico de obras adaptadas ó seu curso.

### 6.3.2 Contidos

- Traballo da respiración recordando o visto nos cursos anteriores e intentando adquirir unha maior autonomía.
- Fortalecer o control dos músculos faciais.
- Estudio de novos tipos de articulacións: staccato, picado ligado, acentos, etc.



- Práctica de memoria e con metrónomo das escalas maiores e menores cos seus respectivos arpexios ata catro alteracións.
- Introducción no estudio de novas figuracións: semicorcheas, corcheas, fusas.
- Desenvolvemento da autonomía do estudante a través dos diferentes exercicios e obras programadas.
- Lectura a primeira vista.
- Práctica de conxunto de saxofóns co fin de desenvolver a afinación, axustes e precisión rítmica.
- Participación en audicións.

### 6.3.3. Avaliación

O profesor avaliará aos seus alumnos tendo en conta os obxectivos, os criterios de avaliación e os mínimos esixibles establecidos nesta programación para o seu curso. A avaliación será continua, cualitativa e integradora e o profesor valorará de forma constante o progreso dos alumnos ao longo de todo o curso, así como as probas realizadas, a súa asistencia e actitude. Dada a progresividade da materia, a atención personalizada do alumnado na mesma, e a aplicación da avaliación continua, a cualificación en cada trimestre representará a valoración do progreso realizado ata ese momento. Polo tanto, a cualificación obtida no terceiro trimestre será a cualificación final do curso.

### Criterios de avaliación

- Consolidar os coñecementos adquiridos no curso anterior.
- Mostrar unha progresión no control da embocadura.
- Adquirir unha mínima calidade sonora en todos os rexistros



- Tocar nos matices e realizar correctamente as diferentes dinámicas.
- Utilizar a respiración diafragmática e controlar a columna de aire.
- Mostrar unha atitude de interese pola asignatura e o traballo en conxunto.
- Interpretar como solista en público e de memoria obras representativas do ser nivel.
- Preparar os estudos e as obras programadas para o curso respetando tempo,articulación,dinámicas e estilo acordes o curso.
- Demostrar capacidade de aprendizaxe e autonomía no estudio individual.

## Mínimos esixibles

- Mellorar a técnica respiratoria,a embocadura,a emisión,a afinación e a destreza técnica.
- Participar activamente nas actividades programadas así como cumprir cos ensaios mínimos co pianista acompañante.
- Estudar e interpretar correctamente en cada trimestre os seguintes obxetivos:

### Primeiro trimestre:

- Escalas maiores ata catro alteracións cos seus respectivos arpejos.
- “17 Estudios fáciles et progresivos” de H. Prati Billaudot Exercicios do 1 ata o 6
- “15 Petites pieces en forme d’etudes” de M. Meriot Combre.Exercicios do 1 ata o 5
- Unha peza breve a elixir consensuada co profesor.

### Segundo trimestre:

- Escalas menores ata catro alteracións cos seus respectivos arpejos.
- “17 Estudios fáciles et progresivos” de H. Prati Billaudot Exercicios do 7 ata o 12
- “15 Petites pieces en forme d’etudes” de M. Meriot Combre.Exercicios do 6 ata o 10





- Unha peza breve a elixir consensuada co profesor.

Tercer trimestre:

- Escalas maiores e menores ata catro alteracións cos seus respectivos arpexios.
- “17 Estudios fáciles et progresivos” de H. Prati Billaudot Exercicios do 13 ata o 17
- “15 Petites pieces en forme d’etudes” de M. Meriot Combre.Exercicios do 11 ata o 15
- Unha peza breve a elixir consensuada co profesor.

## Procedementos e ferramentas de avaliación

- Control individual da aprendizaxe mostrado nas clases semanais.
- Seguimento do rendemento, interacción e comportamento en grupo, nas diferentes actividades deseñadas ao efecto.
- Exposición pública do traballo realizado mediante a participación nas audicións publicas ao longo do curso.
- Valoración do progreso e traballo do alumno con respecto ao grao de consecución dos obxectivos do curso mediante a escoita na aula.

## Criterios de cualificación

Para o cálculo das cualificacións teranse en conta as seguintes porcentaxes:

|                    |               |                       |
|--------------------|---------------|-----------------------|
| Proba de aula: 30% | Audición: 30% | Traballo semanal: 40% |
|--------------------|---------------|-----------------------|

## Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para solicitar a concesión de ampliación de matrícula nesta materia o alumno deberá demostrar capacidade de traballo para o aproveitamento da ampliación así como ter superados os obxectivos do curso e polo menos o 90% dos contidos do apartado mínimos esixibles na última clase antes da reunión da comisión que elevará dita solicitude ao consello escolar quen poderá conceder a dita ampliación.



### 6.3.4 Medidas de recuperación

Dado o carácter progresivo da materia,tendo en conta a atención individualizada na mesma e a aplicación da avaliación continua, a recuperación das avaliación suspensas integrase dentro das actividades de reforzo dos aspectos que precisen mellora. Deste xeito, as avaliacións que non foran cualificadas positivamente consideranse aprobadas se o alumno obtivera cualificación positiva na seguinte avaliación.

Para os alumnos que teñan a materia pendente de cursos anteriores realizarase un plan de traballo específico que contemple os obxetivos e contidos que aínda precisen ser superados ou mellorados e que poderá constar de actividades de reforzo,modificación das probas do curso ou probas complementarias.

### Procedementos de recuperación ordinarios.

Os alumnos que perderon o dereito á avaliación continua por faltas de asistencia sen xustificar segundo se recolle no RRI do centro, terán que facer nas últimas semanas do curso unha proba na que presentarán polo menos os contidos do apartado mínimos esixibles. A dita proba consistirá na interpretación diante do tribunal de dúas escalas, cinco estudos e dúas pezas a elección do tribunal.

A cualificación da proba obterase tendo en conta a seguinte ponderación:

- Aspectos técnicos 35%
- Aspectos expresivos 25%
- Preparación e dificultade 30%
- Memoria e lectura 1ª vista 10%



## Probas extraordinarias de setembro

Os alumnos que non obtiveron a cualificación positiva na avaliación de xuño terán unha proba extraordinaria de setembro perante o profesor de saxofón e presentarán polo menos os contidos do apartado mínimos esixibles.

A cualificación da proba obterase tendo en conta a seguinte ponderación:

- Aspectos técnicos 35%
- Aspectos expresivos 25%
- Preparación e dificultade 30%
- Memoria e lectura 1ª vista 10%

### 6.3.5 Recursos didácticos


“17 Estudios fáciles et progresivos” de H. Prati Billaudot.

“15 Petites pieces en forme d’etudes” de M. Meriot. Ed. Combre.

“Saxophonissimo

“Les Escuriels

Ademáis dos métodos e obras aquí expostos, poderanse utilizar aqueles de parecida dificultade co profesor considere oportunos.



## 6.4 Curso: 4º G.E.

### 6.4.1 Obxetivos

- Afianzar os coñecementos adquiridos no curso anterior.
- Conocer feitos importantes da historia e a familia do saxofón.
- Conseguir unha sonoridade estable e clara de de o si bemol ata o fa sostido.
- Afianzar a práctica da respiración diafragmática
- Desenvolver flexibilidade nos saltos, intervalos e articulacións.
- Desenvolver a memoria e as capacidades e rítmicas.
- Traballar cas canas e saber adaptalas para un mellor funcionamento.
- Introducirse no hábito de escoitar música de diferentes estilos do propio instrumento e diferentes formacións musicais.
- Tocar en público.
- Desenvolver a capacidade de auto corrección no estudio individual.
- Realizar os coñecementos adquiridos de lectura e escritura musical coa práctica do instrumento na resolución de dificultades.
- Interpretar un repertorio básico de obras adaptadas ó seu curso.

### 6.4.2. Contidos

- Traballo da respiración recordando o visto nos cursos anteriores e intentando adquirir unha maior autonomía.



- Fortalecer o control dos músculos faciais.
- Estudio de novos tipos de articulacións: staccato, picado ligado, acentos, etc.
- Práctica de memoria e con metrónomo das escalas maiores e menores cos seus respectivos arpexios ata catro alteracións.
- Introducción no estudio de novas figuracións: semicorcheas, corcheas, fusas.
- Desenvolvemento da autonomía do estudos través dos diferentes exercicios e obras programadas.
- Desenvolvemento do ámbito dinámico.
- Estudo de intervalos de terceira en corcheas e semicorcheas.
- Iniciación no estudo dos trinos e notas de adorno.
- Coñecemento de dixitacións especiais.
- Lectura a primeira vista.
- Práctica de conxunto de saxofóns co fin de desenvolver a afinación, axustes e precisión rítmica.
- Participación en audicións.

### 6.4.3. Avaliación

O profesor avaliará aos seus alumnos tendo en conta os obxectivos, os criterios de avaliación e os mínimos esixibles establecidos nesta programación para o seu curso. A avaliación será continua, cualitativa e integradora e o profesor valorará de forma constante o progreso dos alumnos ao longo de todo o curso, así como as probas realizadas, a súa asistencia e actitude. Dada a progresividade da materia, a atención personalizada do alumnado na mesma, e a aplicación da avaliación continua, a cualificación en cada trimestre representará a valoración do progreso realizado ata ese momento. Polo tanto, a cualificación obtida no terceiro trimestre será a cualificación final do curso.



## Crterios de avaliación

- Utilizar os coñecementos adquiridos no curso anterior.
- Ter controlada totalmente a embocadura.
- Adquirir unha calidade sonora en todos os rexistros
- Ter u has noción a básicas sobre a historia da saxofón
- Emitir un son claro e estable en tódolos rexistros e matices.
- Comprender o concepto de vibrato e saber como se produce no saxofón.
- Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do saxofón.
- Conseguir unha igualdade e claridade sonora na emisión,articulación e ejecución de intervalos.
- Desenvolver a velocidade.
- Mostrar corrección e seguridade técnica e interpretativa na execución dun repertorio básico.
- Ler con fluidez e comprensión a primeira vista
- Tocar nos matices e realizar correctamente as diferentes dinámicas.
- Utilizar a respiración diafragmática e controlar a columna de aire.
- Mostrar unha atitude de interese pola asignatura e o traballo en conxunto.
- Interpretar como solista en público e de memoria obras representativas do ser nivel.
- Preparar os estudos e as obras programadas para o curso respetando tempo,articulación,dinámicas e estilo acordes o curso.
- Demostrar capacidade de aprendizaxe e autonomía no estudio individual.



- Interpretar en público como solista e de memoria obras representativas do seu nivel.

## Mínimos esixibles

- Mellorar a técnica respiratoria, a embocadura, a emisión, a afinación e a destreza técnica.
- Participar activamente nas actividades programadas así como cumprir cos ensaios mínimos co pianista acompañante.
- Estudar e interpretar correctamente en cada trimestre os seguintes obxetivos:

Primeiro trimestre:

- Escalas maiores con todas as alteracións e con intervalos de terceira.
- “ 32 Techni-sax” de G. Senon Billaudot. Exercicios do 1 ata o 10
- “ 24 Estudios fáciles” de M. Mule Ed. Leduc. Exercicios do 1 ata o 8
- Unha peza breve a elixir consensuada co profesor.

Segundo trimestre:

- Escalas menores con todas as alteracións e con intervalos de terceira.
- “ 32 Techni-sax” de G. Senon Billaudot. Exercicios do 11 ata o 20
- “ 24 Estudios fáciles” de M. Mule Ed. Leduc. Exercicios do 9 ata o 16
- Unha peza breve a elixir consensuada co profesor.

Tercer trimestre:

- Escalas maiores e menores con todas as alteracións e con intervalos de terceira.
- “ 32 Techni-sax” de G. Senon Billaudot. Exercicios do 21 ata o 30
- “ 24 Estudios fáciles” de M. Mule Ed. Leduc. Exercicios do 17 ata o 24
- Unha peza breve a elixir consensuada co profesor.

## Procedementos e ferramentas de avaliación



- Control individual da aprendizaxe mostrado nas clases semanais.
- Seguimento do rendemento, interacción e comportamento en grupo, nas diferentes actividades deseñadas ao efecto.
- Exposición pública do traballo realizado mediante a participación nas audicións publicas ao longo do curso.
- Valoración do progreso e traballo do alumno con respecto ao grao de consecución dos obxectivos do curso mediante a escoita na aula.

## **Criterios de cualificación**

Para o cálculo das cualificacións teranse en conta as seguintes porcentaxes:

|                    |               |                       |
|--------------------|---------------|-----------------------|
| Proba de aula: 30% | Audición: 30% | Traballo semanal: 40% |
|--------------------|---------------|-----------------------|

## **Criterios para a concesión de ampliación de matrícula**

